

Expediente IET: P-21-766
Proxecto: Parque eólico Serra do Farelo
Concello: Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)
Promotor: AV Serra do Farelo SLU

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 29/10/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de parque eólico Serra do Farelo.

1. Antecedentes:

O 22/09/2011 o IET emite informe no marco da avaliación ambiental do proxecto de parque eólico Serra do Farelo, acadando o 02/04/2013 a declaración de impacto ambiental (DIA). Por mor da caducidade da DIA iníciase un novo procedemento de avaliación ambiental.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Serra do Farelo, de 18 MW, composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 4,2 e 3 MW de potencia, cunha altura da buxa entre 105 e 112 metros e cun diámetro de rotor entre 150 e 136 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción un total de 2.629 m.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo II) no que se fai unha descrición das características do proxecto, a caracterización da paisaxe e unha análise da intervisibilidade, dando por último unhas medidas de integración paisaxística.



4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas de Terra de Melide – Arzúa, A Ulloa e O Deza. No entorno do proxecto localízase a AEIP-07-21 Alto Ulla a 5 km, a AEIP-07-17 Castelo de Pambre a 5,3 km, a AEIP-07-20 Sobreiras do Arnego a 6,9 km e a AEIP-07-16 Mourazos e O Monte San Xurxo a 7,2 km. Ao sueste da infraestrutura atópase o miradoiro Cima do Farelo xunto con varios lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), asociados ao monte do mesmo nome, de valor cultural e natural. A distancias entre 4 e 6 km aparecen outros LEIP como son o Pazo de Eidián o de Santa Mariña ou a Torre de Amarante ademais dos relacionados coas carballeiras e bosques autóctonos da contorna.

Os aeroxeradores sitúanse na serra do Farelo, ao redor do cumio de Pico Longo duns 762 m de altura sobre o nivel do mar. Dende estes montes parten numerosos afluentes do río Ulla ao nordés da serra e o río Arnego ao suroeste. O ámbito inmediato da infraestrutura caracterízase pola cobertura de matogueira e rochedo con pequenas manchas de plantacións forestais, bordeando aparece o mosaico agroforestal no que xorden os asentamentos de poboación. Os núcleos máis próximos son Trascastro 700 m e Fonfría a 1 km, a menos de 2 km aparecen numerosos núcleos como Ludeiro, Romariz, Lamas, O Val e Aián, sendo a Agolada o primeiro núcleo principal en aparecer a uns 3,2 km. Máis afastados están Antas de Ulla a 6,8 km e Monterroso a 10,5 km. Polo sur a escasos 150 m discorre a N-640 que fai de principal vía de conexión da infraestrutura.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual baseado no Catálogo das paisaxes de Galicia, analizando por comarcas paisaxísticas os diferentes elementos de valor e a súa visibilidade, pero obviando a análise da visibilidade dende outros elementos como son os miradoiros, núcleos de poboación ou estradas próximas. Determina as características do proxecto e fai unha estimación dos impactos sobre a paisaxe os cales oscilan entre moderados e compatibles segundo a interpretación feita no EsIA. Por último propón unhas medidas de integración paisaxística baseadas na revexetación da superficie modificada durante as obras.

Segundo o análise de visibilidade levado a cabo no EIIP os aeroxeradores afectarán ao 37% da superficie do ámbito de 10 km. En relación coas AEIP, ao tratarse de áreas enmarcadas nas concas dos seus respectivos ríos, a afección ás mesmas é case inexistente. Pola contra, os numerosos asentamentos que bordean a serra do Farelo, terán unha gran incidencia visual ao igual que o miradoiro de Cima do Farelo e a estrada N-640. O proxecto provocará polo tanto unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido a súa posición dominante no relevo. Estes impactos veranse incrementados polo sinerxía producida por outros parques en tramitación ou en funcionamento situados nas proximidades, segundo o Rexistro eólico de Galicia, o que provocará que no 92% da superficie da envolvente de 10 km sexa visible algún aeroxerador.

Outros importantes impactos producidos, ademais dos visuais, derivan da realización de novos camiños e plataformas de montaxe sobre a vexetación existente e afloramentos rochosos.

6. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse debido á intrusión visual na contorna e a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto. Ademais pode supor un deterioro dos elementos naturais e construídos nalgúns zonas de implantación da infraestrutura.





O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Deberase completar segundo as seguintes indicacións:

- No relacionado coa diagnose do estado actual da paisaxe, e de acordo co apartado 2 do artigo 28 do Regulamento, deberase levar a cabo unha análise pormenorizada dos elementos que nel se describen, e en particular dos elementos naturais ou construídos que outorgan carácter a paisaxe, como son neste caso os afloramentos rochosos no ámbito do PE, así como as condicións de visibilidade dende os miradoiros, estradas principais ou núcleos de poboación máis afectados.
- Deberase completar a documentación do proxecto cun plano da contorna no que se representen os valores paisaxísticos de referencias tales como as AEIP e elementos naturais ou culturais de singular valor, LEIP, miradoiros e puntos singulares de observación segundo establece o artigo 31 do Regulamento.
- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción dos obxectivos e directrices.
- No relacionado coa determinación de medidas preventivas e correctoras do impacto do proxecto sobre as AEIP e os núcleos rurais máis próximos, deberase ter en conta o análise da visibilidade dende os mesmos levado a cabo no propio EIIP segundo se establece no artigo 30.1 do Regulamento (podendo completarse con infografías). En base a esta análise deberanse establecer as medidas preventivas pertinentes, a fin de minimizar a intrusión visual nas zonas de maior valor paisaxístico como son as AEIP. Considéranse medidas preventivas aquelas que, durante o proceso de deseño dun proxecto, evitan ou minimizan o seu impacto (artigo 30.2 do Regulamento). Polo tanto deberanse completar as mesmas segundo o establecido no artigo 30 do Regulamento e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.a, no deseño do parque eólico deberanse ter en conta os resultados do EIIP, e particularmente as cuestións que se indican neste informe sobre os valores paisaxísticos afectados polo proxecto. Polo que se deberá estudar a posibilidade de mover, ou de ser o caso eliminar, os aeroxeradores con máis incidencia visual sobre os núcleos rurais mencionados no apartado anterior.
 - Tamén se deberá estudar a localización da posición 1 e o seu camiño de servizo así como a posición 3, a fin de conservar os elementos de valor paisaxístico da zona como son os afloramentos rochosos (DX.17.a).4). Aproveitando ao máximo os camiños existentes tal e como se recolle na Directriz de paisaxe DX.20.f.
 - Para o edificio de control e centro de seccionamento, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser



necesario, disporase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

